

## UN FURADO DE 23.000 TONELADAS

O pasado 28 de agosto a Cadea Ser dedicaba unha parte do programa matutino *Hoy por hoy* ó tema “Veraneo con chapapote”. O aluvi3n de respostas en directo, e as comunicaci3ns recibidas no seu foro on-line, deixan patente que o tema, malia os esforzos mediáticos do go-berno espa3ol, est3 lonxe de esmorecer na conciencia popular. A do *Prestige*, definitivamente, non foi unha catástrofe máis, este piche non se “disolve” no medio do silencio, a nosa xente do litoral non sufrirá as consecuencias en segredo e aquí estará a plataforma *Nunca Máis* para encargarse diso.

Unha boa parte das comunicaci3ns recibidas naquel programa eran, e non habían ser, de Galicia. Falaban de Ortigueira, Carnota, Muros, Vigo, a Mariña. O día anterior, pola tarde, volveramos nós a esta última comarca. Desde a Estrada da Costa, por Fazouro e Burela, víanse os monos brancos nas praias. E iso que o 27 debeu ser un dos mellores días do mes en canto ó fuel. En San Cibrao, coa marea moi alta, topamos algunha galleta na praia da Caosa, pero nada na do Torno.

Est3 perto o cambio de estaci3n, con el vir3 o das mareas e, oxal3 nos confundísemos, outras zonas da costa volverán recibir-la constataci3n do que segue nos fondos, nas praias, nas rochas, no mar. ¿Canto fuel do *Prestige* continúa depositado e a aboiar nos espazos naturais? Calquera o sabe, sobre todo despois de se difundir-la noticia de que o Goberno xestor fixo mal as contas en 23 millóns de quilos.

Outras 23.000 toneladas. Aquilatémolo: unha estimaci3n particular, difundida mediaticamente, establece en 20.000 Tm -de fuel sen refugallo- o recollido ata o de agora por voluntarios, máquinas e demais.

Para afronta-lo dato, o Goberno suxire que o *Prestige* levaría menos chapapote do declarado. Iso est3 ben: seica agora as empresas de carga e transporte declaran máis do que levan. Devecen por pagar impostos.

## PITA

Se non a primeira, será unha das primeiras veces que do ínclito betanceiro se fala neste medio. E non é que lle falten méritos, é que resulta, como din en castelán, *enternecedor* o personaxe.

Non digan que non: Pita é capaz de mante-lo que faga falta, de contradicilo máis notorio, con tal de sustenta-la posici3n do seu partido e defende-la do seu idolatrado presidente. Parecería coma unha especie de kamikaze do que o PP sempre disp3n para distraer ou o que sexa, pero nin sequera esta resulta explicaci3n satisfactoria.

As praias est3n es-plen-dorosas, todo limpísimo, non hai chapapote nas rochas, na area, por ningunha parte, máis do que noutros anos. España cola-bora coa comisi3n francesa de investigaci3n por aquilo da relaci3n entre estados, e chega de explicaci3n... Eilas últimas.

Temos dito que certos persoeiros do PP, coas súas declaracións, foron os mellores convocantes para a mobilizaci3n de *NM*: así aconteceu con Rajoy, se cadra con López Veiga e outros. O de Betanzos ten a virtude de encerrar a moita xente. Non a nós.

¿Que por que? Porque resulta imposible tomalo en serio. Pita é un ministro de Les Luthiers, un conselleiro de debuxos animados\*, un humorista. Non é deste mundo.

\* Co permiso de Jorge Valdano.

